



Mensaxe do Día Mundial da Danza 2025

Por Mikhail Baryshnikov

Bailarín e coreógrafo (Letonia / Estados Unidos)

A miúdo dise que a danza pode expresar o indecible. A alegría, a dor e a desesperación fanse visibles; expresións encarnadas da nosa fragilidade compartida. Neste sentido, a danza pode despertar empatía, inspirar bondade e despertar o desexo de sandar en lugar de danar.

Especialmente agora, mentres centos de miles de persoas sofren guerras, lidan coa axitación política e álzanse en protesta contra a inxustiza, a reflexión honesta é vital. É unha carga pesada para o corpo, a danza e a arte.

Porén, a arte segue sendo a mellor maneira de dar forma ao non expresado, e podemos empezar por preguntarnos: Onde está a miña verdade? Como me honro a min mesmo e á miña comunidade? Ante quen respondo?

Mikhail Baryshnikov
Letonia / Estados Unidos

